




Rairolme



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Maio de 1999

n^o 8



ESCOLA PROVINCIAL DE DANZAS • AGRUPACIÓN CASTRO FLOXO



CELESTINO PARDELLAS DE BLAS

Nado en Pontevedra, é profesor de E.X.B. no Colexio Rosalía de Castro de O Grove. Ten realizado varios traballos de investigación sobre aspectos da cultura popular, centrándose principalmente na Illa de Ons (Pontevedra), sobre a que ten publicado máis de 40 artigos xornalísticos. É vicepresidente da Asociación “Amigos da Illa de Ons”, adicada a temas culturais e de investigación.



MÚSICA POPULAR

As coplas dentro do cancionero da illa de Ons

Celestino Pardellas de Blas

Por mor das numerosas invasións que sufríu ó longo dos séculos, a Illa de Ons, situada á entrada da Ría de Pontevedra e en plena Ruta Xacobeá Marítima, pasou moito tempo despoboadá, motivo polo que, cando en 1810 a Xunta Provincial de Armamento decide fortificala e construír unhas baterías para defende-la entrada da ría, esta atopábase baleira.

Inda que a totalidade das obras non chegaron a rematar-se por mor da falla de presuposto, os traballadores que alí acudiron deciden instalarse nela e traer as súas familias, pois non había atranco nin-

gún para dispoñer dunhas terras baldeiras, moi productivas e contando que as augas que a bañan eran ricas en materias primas: peixe, marisco e sobre todo polbo.

Estas primeiras corenta familias pertencentes a distintos puntos da costa cercana (Penínsulas do Salnés, Morrazo e Barbanza.), van a aportar á nova comunidade os

O Faro da illa de Ons



particulares costumes da súa zona de procedencia que logo mesturados e sumados co aillamento e o abandono institucional sufridos nos cáseque dous séculos ata os nosos días, trouxo o nacemento dunha riquísima cultura popular que, polas súas características sociais, antropolóxicas, arquitectónicas,..., a consideraron a Comunidade Etnográfico-Mariñeira máis importante do litoral galego.

Pero, se unha das principais causas do nacemento desa única e rica cultura foi o aillamento sufrido, tamén é certo, agás raros e excepcionais tra-

influenciados polos medios de comunicación, coa chegada dos primeiros turistas;... ; nunha cultura moi duramente conquerida ó longo de dous séculos, está a piques do seu esnaquizamento.

Hoxe non atopamos en Ons quen nos fale do sacro Buraco do Inferno, da Santa Compañía, dos numerosos naufraxios ocorridos, dos malos ollos, do trasno, dos encantamentos, das meigas, do emprego da máis pura medicina popular,..., nin escoitaremos as peculiares coplas ó son do pandeiro coas que, argalladas por eles mesmos e

nómicos, pesqueiros e mesmo os relativos ás relacións coa administración. A carón deles os ecoloxistas que miraban a Ons só dende o punto de vista natural, deixando de lado todos os aspectos Antropolóxico-Etnográficos que eran os que estaban a piques de desaparecer.

Este foi o motivo de que ningún se parara no seu atractivo cancionero, repleto de coplas que nos falan da súa vida, dos seus amores, das loitas entre barrios, de fortes desafíos, de sucesos,...

A raíz dun traballo sobre os naufraxios acaecidos nas augas illáns, tiveron o primeiro contacto co seu cancionero. Contábanme a perda do remolcador da armada "Cíclope" quen encallara nos bancos da cercana Illa de Onza. Din que os illáns tentaron achegarse a el, pero foron rexeitados polos soldados que deixaran de garda na pequena Illa. A raíz do lance armáronlle a copla:

*O Cíclope viña de fóra
Cun barco coma unha eira
E a onde foi a encallar
A debaixo da figueira.*

*Cíclope se chamaba o barco
O Comandante Don Juan
O Segundo Don Modesto
E o Terceiro o Capitán.*

Despois de escoitar as coplas do Cíclope, preguntei se eran un caso illado ou se pertencen-



A Virxe do Carmo o día da festa.

ballos, que por mor das dificultades de comunicación e acceso, pola falla de infraestructura e o remisos que eran coas poucas persoas que ata alí se achegaban, non comezou a estudiarse ata finais dos anos setenta, anos nos que xa era total a diáspora veciñal cara terra na procura dun mellor xeito de vida; moi

con mínima influencia exterior, crearon un feitiцеiro Cancioneiro Popular.

Cando a partires de 1980 comezaron a chegar a Ons persoas con desexo de coñecer e investigar esta singular cultura, repararon moito en aspectos de doado estudio coma os arquitectónicos, eco-

**Desafío, desafío,
Desafío de cuchillo,
Nunca fun a desafío
Contigo cara de grilo.**



cían a un costume. Explicáronme que hoxe hai aparatos para escoitar música e bailar, pero antes o único xeito de divertirse era toca-lo pandeiro, bailar e cantar coplas.

Cada barrio tiña os seu copleiros que as argallaban durante a semana para logo, durante os labores agrícolas, pesquei-

ros e mesmo nas tabernas, aprendelas os demais e saír o Sábado e Domingo cantalas en Curro (barrio onde se atopan os bares e onde se reunían os mozos e mozas para bailar e cantar), e alí empezaba e desenrolábase a foilada.

Polo normal principiábase cantando algún feito, evento

Empregábase indistintamente o galego e o castelán, mesturándoo ás veces para facer coincidi-la rima.

Tal era a afección ás coplas, que para integrarse non festexos e poder ter algunha posibilidade coas mozas illáns, os mariñeiros doutros lados ou obreiros que na Illa se atopaban, tamén preparaban as súas coplas. Así foi o caso dos obreiros que viñeran a arraxa-lo Faro e que prendidos da beleza das rapazas illáns, ó marchar cantaba:

*Adiós Illa de Ons
Con ventanas e vidreiras
Non me pesa de máis nada
Só das mozas solteiras...*

*A la salida del muelle
Has mirado para atrás
Adiós querida del alma
Ya no te vuelvo a ver más.*

Os Sábados as festas armábanse ó son do pandeiro, onde escomenzaban os eternos desafíos entre rapaces e rapazas:

**Os de CANEXOL
Cando van co gando
Espichan a vara
E bailan o tango...**



ou incidente acontecido na semana ou cantigas xa coñecidas, para logo de vagar ir meténdose en fonduras e pasar a coplas de amor, loita entre pandillas, desafío mozas-mozos, e mesmo entre rapaces de distintos barrios.

*Desafío, desafío,
Desafío de cuchillo,
Nunca fun a desafío
Contigo cara de grilo.*

*Para que te quero eu
Miña viña vendimada
Para que te quero eu
Si non me vales pa nada.*

*Queres que te queiran
E que che teñan cariño
Se me acaban de dicir
Que na túa casa chora o
niño.*

*Anda de ti velentón
Presenta tu valentía
Aunque soy muchacha
joven
También presento la mía...*

*Moitas veces xuntábanse
mozas e mozos dun mesmo
barrio contra os doutro:*

*As gaivotas vento en chuvia
Os galos mariños vento
As mociñas do CUCORNO
Todas van para un convento.*

*Os de CANEXOL
Cando van co gando
Espichan a vara
E bailan o tango...*

*Non faltaban as adicadas á
Virxe do Carme e ó seu
patrón San Xoaquín e que can-
taban os días da festa patronal:*

*Catorce voltas fixemos
Para cruza-lo Centulo
E quixo a virxe do Carme
Que nos ven traer a Curro.*

*Esta illaña galega
Defensa da nosa ría
E devota de San Xoaquín
O pai da Virxe María...*

*Merece un apartado importan-
te as coplas adicadas ós amo-
res e ós problemas que estes
traen ós noivos:*

*En el medio de la mar
En el medio de la ría
En el medio de la mar
Navega una prenda mía.*

*Moza que estás na ventá
Ca punta do pano fóra
Eu a cara non che vexo
O pano xa me namora.*

*Petei na túa porta
Para ver se estabas no forno
A ladra da túa nai
Meteume un pau polo ollo.*

*Hoxe é día do meu santo
E te quixera convidar
Pero ó mirar que son pobre
Me mete con calar...*

Hainas que falan de incidentes e problemáticas. Pasou na Illa que a principios dos anos setenta soltara o ICONA uns cabalos para que se desenvolvesen de xeito salvaxe. Os veciños pronto armaron unha boa xa que os cabalos ían ás súas fincas e destrozaban todo o sembrado. O ICONA veuse na obriga de paga-los danos e retirar-los cabalos.

Cando nos anos oitenta un garda forestal tentou traer á



**Os traballadores
que alí acudiron
deciden instalarse
nela e traer
as súas familias,
pois non había
atranco ningún
para dispoñer dunhas
terras baldeiras,
moi productivas.**

Illa un cabalo para os seus des-
prazamentos, os veciños, que
inda tiñan un mal recordo
daquela, non llo deixaron
desembarcar, e a raíz delo
armouse a copla:

*Ese cabalo é teu
Borregón telo mandou
Nesta Illa de Ons
O cabalo non saltou.*

*O Garda co seu cabalo
Na Illa tentou saltar
Esperando no muelle esta-
mos
Para facelo recuar...*

Outras coplas recordan o paso
dalgúns veciños polo Frente
do Ebro na Guerra Civil. Ó vir
armaban algunha copla:

*Ó cruza-lo río
Costou un caralló
Costou un caralló
Costou un caralló
Estaba la Pasionaria
Ó outro ladó,
Ó outro ladó,
Ó outro ladó...*

Hainas que se encargan de
airear algún defectiño dun
veciño:

*Ten unhas orellas
Coma abanicos
Que polo verán
Espantan os mosquitos...*

*Os adiantos
tamén chegaron á illa.*

Co paso do tempo e a medida
que tiveron embarcacións a
motor coas que achegarse a
vender ás lonxas, foron apren-
dendo novas coplas escoita-
das nos bares e tabernas dos
portos pesqueiros, que logo
mesturábanse coas illáns ou
cambiaban algunha das pala-
bras para axeitalas á Illa. Tal é
o caso de:

*Os mariñeiros da Illa
Pescan ben o calamar
Despois das maruxías
Os collen a reventar.*

*Vexo Curro, vexo Caño,
Tamén vexo Canexol,
Vexo as mozas dende o faro
Que andan ó mexillón.*

*Andas de arriba para abai-
xo
Andas buscando muller
Andas polo moito moito
Quen ten moito non te quer,*

*Santo Cristo de Fisterra
Ten o carallo de ouro
Para lle maxar ós de Muros*

Por riba do Monte Louro...

Non faltan as coplas eróticas
creadas polos mariñeiros para
cantar entre eles:

*As rapaciñas de agora
Cando van a namorar
Botan a man ó gatollo
E xa queren disparar.*

*Arrastrácheme o cu polas
pallas*

*E fixécheme a cama no chan
E mollácheme a birbirichiña
Que a tiña sequiña do
verán...*

Hoxe o cancionero da Illa de
Ons está cáseque perdido,
cóntanse cos dedos dunha
man as persoas que nos
podan achegar a ese rico fol-
lore que hai vinte anos inda
estaba vivo. De tódolos xeitos
inda hai esperanzas, gracias á
iniciativa da Asociación de
Veciños que tenta recopilar as
coplas e animar ás veciñas de
máis idade para que as ense-
ñen ós máis novos, xunto co
seu toque peculiar do pandei-
ro.

